

Unha vez houbo unha flor
que só _____ certa xente no
xardín dun gran **demente**
con máis poder que razón

A rosa _____ medrou,
medrou soa e sen axuda,
era forte coma ruda,
contra o frío e o calor

Saíu o sol e corou,
co seu _____ imponente,
tanto, que ao amo e a outras xentes
molestou o seu primor

No canto de con amor,
ollábana con _____,
e ante a fermosa humildade
respostaron con **temor**

Moitas flores do redor,
de xardíns de _____ terras,
aplaudiron moi contentas
cando o amo as recortou

A planta quedou sen flor
pero aínda **resistía**,
porque a raíz se nutría
da terra que a _____

María Xosé Silvar, máis coñecida como **SES**, nada na Coruña en 1982, é unha **cantautora galega** de orixe bergantiñá.



A terra considerou
que o seu froito era inocente,
que fora _____ e valente e
dela se preocupou

A auga _____ chegou
e o resto de compañeiras
acudíronlle lixeiras e
calmaron a súa dor

Certo día aquel señor
foi abalar a _____ e
reparou na roseira
que cortara con **rancor**

Mil rosas con esplendor
recendían _____
unhas espiñas máis grosas
que as tesouras do señor

Comprendiu o amo entón,
o seu crime _____,
caiu ao chan **apenado**
e pola rosa chorou

Aquela primeira flor
só no **recordo** _____
pero se a raíz é **rexa** a
planta non morre, non

1. Despois de escoitar a canción anterior, indica o termo que debería estar en cada oco e indica a que clase de palabra pertence.

- | | |
|----|-----|
| 1: | 7: |
| 2: | 8: |
| 3: | 9: |
| 4: | 10: |
| 5: | 11: |
| 6: | 12: |

2. Localiza no texto un substantivo colectivo e indica cal sería o seu correspondente nome individual.

3. Localiza no texto cinco substantivos abstractos.

4. Localiza no texto cinco substantivos concretos.

5. No texto da canción aparecen tres conectores subliñados. Indica de que tipo son.

- pero:
- porque:
- entón:

6. Fíxate no contexto en que aparecen as palabras marcadas en negra na letra da canción e escribe un sinónimo para cada unha.

- | | |
|-------------|------------|
| - demente: | - rancor: |
| - molestou: | - apenado: |
| - temor: | - rexa: |
| - resistía: | - recordo: |

7. Cal cres que pode ser o tema da canción? Explica brevemente.